

Fondo pesar na cultura polo home “que vía o mundo desde a pedra de afiar”

R. C. | 17 de Decembro de 2015



Xosé Fernández Ferreiro

A cultura galega volve mobilizarse para despedir a un dos seus: Xosé Fernández Ferreiro, escritor e xornalista e membro do grupo Brais Pinto. A capela ardente está instalada no tanatorio Albia, na Grela (A Coruña), onde mañá, sexta feira, ás 15.15 horas, se lle renderá unha homenaxe.

O escritor Francisco Fernández Naval, a persoa que máis estivo con el nos últimos tempos, dedícalle un sentido [post](#) no seu blog: “Hai unhas semanas, xa enfermo, díciame que non fora quen de escribir un corpus unitario sobre o territorio que amaba: Espartedo, as serras altas de Luintra, a patria da infancia,

lugares onde suceden as súas historias. Respondille que, se cadra, a súa obra non naceu con vocación de corpus, pero que a sucesión de historias e as perspectivas, si constitúe un patrimonio literario esencial para comprender ese territorio, e Galicia, e a emigración a Madrid a mediados do século pasado, velaí: A saga dun afiador, O minotauro, Agosto do 36, Co medo nas mans, O atentado, Os últimos fuxidos, Tempo de Centeo. Hai máis títulos, claro: Morrer en Castrelo de Miño, A morte de Frank González, Corrupción e morte de Brigitte Bardot”.

Do mesmo xeito, o presidente da Academia Galega, Alonso Montero, destaca que “foi un pioneiro como cultivador do galego”, referíndose ao seu primeiro poemario, Ribeirana do Sil, publicado en 1952. Para o académico, Morrer en Castrelo do Miño (1978) é a súa mellor novela. “É realmente unha novela de denuncia do asoballamento que sufriron os campesiños do val de Castrelo de Miño”.

“Abriu camiños literarios”

Cesáreo Sanchez, presidente da AELG, destaca o Ferreiro “amigo e persoa entrañable, como compañeiro e como irmán maior, xeracionalmente falando”. Da súa actividade como escritor, subliña que “abriu camiños literarios, tentando tamén unha normalidade na literatura galega, facendo unha literatura máis popular que xa se estaba a facer noutras partes”.

“Quixo facer unha inmersión na normalidade literaria coa súa obra”, explica o poeta. “El díciame que o feito de ser xornalista podía non ser precisamente un aliado, e que iso influía nos temas que trataba”.

“Un referente afectivo e profesional”

“Para min é un referente afectivo e profesional, para min foi un gran trompazo”, di Álvarez Pousa,

que compartiu profesión con el en La Voz de Galicia. “Fíxenlle unha entrevista hai pouco e amosábase preocupado porque o pouco que tiña non sabía a quen llo ía deixar, pois quería facelo a alguén que o precisara”.

Del Pousa destaca que “sempre estaba alegre, aínda que era moi socarrón, tiña un sentido do humor moi de Ourense, cunha visión do mundo desde a roda de afiar, vía o mundo a través dela e esa era seguramente a principal metáfora que explicaba a súa maneira de ver o mundo”. Tamén foi un home “moi desafiante, no sentido da necesidade de sentirse libre e dono de si”.